

Topónimos 2º avaliación: FONTEFRÍA-POIO

1. **Fontefría:** de FONTEM+FRIGIDAM, ‘fonte de auga fresca’ou ‘fonte que refresca’. Hidrotopónimo
2. **Fontoira** de FONTEM+AUREAM, ‘fonte de ouro’, seguramente pola calidade da súa auga amarela ou ferruxinosa. Hidrotopónimo.
3. **Foz** do latín vulgar FOCEM, que en latín literario era FAUCEM, gorxa, paso estreito, fauces. Lugar por onde un río desemboca no mar, tamén é un paso estreito entre montañas.
4. **Frades** de FRATRES ‘irmáns’, seguramente monxes, frades.
5. **Lavacolla**, de LAVA COLEA, ‘lava testículos’. Nome tamén do río onde os peregrinos se purificaban antes de se achegar ó Apóstolo, tomado erroneamente polos redactores do Códice Calixtino, ‘Lava mentula’ (MENTULA eufemismo de COLEA). O profesor Díaz entendeu que aquí non se dá un topónimo de verdade senón unha traducción. En realidade habería que pensar en *NAVA+COLLA< *nava:’depresión pola que corre un río’, val húmido (Relacionar con NAVIA, NABAL, NABALLOS). O segundo elemento sería discutible, quizais a partir dunha raíz *kel, ‘altura’ (Ver ‘celsus’), que nos levaría a COLLIS, colina.
6. **León** de LEGIONEM por ser onde estaba emprazada a *Legio Septima Gemina*.
7. **Louredo** de LAURUM+sufixo -ETUM (>-edo) (sufixo abundancial), onde hai loureiros. Fitotopónimo abundancial.
8. **Lugo** de LUCUS AUGUSTI: ‘o bosque sagrado de Augusto’.
9. **Maceda** de MATT(IANAM)+ sufixo -ETAM (>-eda) (sufixo abundancial), (lat.vul. MATTIANA: maceira) lugar onde abundan as maceiras, (cfr. MANZANEDA). Fitotopónimo.
10. **Mérida** de EMERITAM AUGUSTAM, cidade fundada por Augusto e poboada con soldados eméritos ou licenciados.
11. **Milladoiro** de HUMILIATORIUM: lugar onde os peregrinos ó ver Compostela axionllábanse para dar gracias a deus; ou de ADMILIATORIUM: lugar onde os peregrinos botaban unha pedra que traían consigo, formando unha morea de pedras (ou milladoiro).
12. **Mondoñedo** do latín medieval MINDUNIETUM (o topónimo actual procede de San Martín de Mondoñedo, onde tiñan a sé os bispos mindunienses ou

dumienses, que eran unha especie de extensión dos de Dumio, preto de Braga).

13. **Monforte** de MONTEM+FORTEM (<*dher >firmis), ‘monte fortificado, sólido’.
14. **Oleiros** de AULULAM (>OLA), ‘ola’ + ARIUM (sufixo abundancial): lugar onde hai fabricantes de olas de barro, oleiros.
15. **Ortigueira** de URTICAM+ ARIAM (sufixo abundancial): lugar onde hai ortigas. Fitotopónimo con sentido abundancial.
16. **Orxal** de HORDEUM: ‘cebada’, ‘orxo’, coma Castro Urdiales, se cadra Ordes. Fai referencia a zonas onde se cultivaba cebada.
17. **Oseira** de URSUM, ‘oso’+ARIUM (suf. Abundancial): lat. vulg.: ossum: lugar onde hai osos. Zootopónimo con sentido abundancial.
18. **Ourantes** dunha raíz preindeuropea *or-r/*ur-r, ‘colina’, altura, monte ou val entre montes. Hai quen propón *Aur + ánt + is. Se Aur- pode ter que ver coa raíz *Aus-, daríamos cun rotacismo típico latino. Relacionar con BARRANTES, CERVANTES, CESANTES, etc.
19. **Ourense** de (VILA) AURIENSE (VILLA+ AURUM+ ENSE (Sufixo abundancial): o resultado da evolución ó galego resulta un cultismo ou semicultismo. O topónimo que fai relación a unha explotación de ouro (AURUM) ou territorio rico en ouro. Ver tamén OURÉS, resultado patrimonial.
20. **Outeiro** de ALTARIUM, lugar elevado ou rocha alta.
21. **Padrón** de PETRONEM(< PETRAM), a pedra onde se amarró a barco do apóstolo Santiago.
22. **Pedrafita** de PETRAM+FICTAM: ‘pedra cravada’, miliario ou monumento megalítico, consistente nunha gran pedra colocada verticalmente. Utilizouse como divisoria de concellos.
23. **Peñalba** de PINNAM, ‘cumio’ + raíz * alb-, preindoeuropeo co significado de ‘altura’.
24. **Pereira** de PIRUM+ARIUM: pera, lugar onde hai pereiras. Ou podería vir tamén de PETRARIAM: ‘lugar pedregoso’.
25. **Poio** de PODIUM: ‘altura’, montículo; fai referencia a un lugar elevado con boas vistas.